

MANUAL DE USO:

“Os días D e as semanas S”

(proxecto baseado en
filosofía REA e DUA)



Autor: Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)

*Mestre en Educación Primaria e licenciado en Filosofía e Ciencias da
Educación pola UNED*

CEIP O PIÑEIRIÑO (Vilagarcía de Arousa)

Materia ou materias e cursos a que se dirixe

As secuencias didácticas que forman parte de este proxecto teñen un carácter claramente interdisciplinar aínda que na programación as poidamos orientar ao currículo de **5º de Primaria** nas materias de **Ciencias sociais, Ciencias naturais, Lingua galega e literatura** e **Valores sociais e cívicos**. Pode utilizarse igualmente en 6º de primaria e incluso en 1º e 2º da ESO.

As secuencias seguirán as directrices do DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) relacionado de forma directa cos **recursos de aprendizaxe en aberto** (REA) e que implica a **acesibilidade universal á educación**.

A **lingua** das secuencias e ODEs independentes será en **galego** segundo dispón o *DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Estrutura da secuencia didáctica:

Cada secuencia didáctica terá a seguinte estrutura:

- **0.- Folla de ruta** o que realizaremos na secuencia (feitos en Genially, exportada en html5 e integrada no exelearning).



- 1.- **Caderno de traballo:** Teoría sobre o significado da conmemoración, **conceptos** básicos, **técnicas de márketing**, organizacións de defensa dos consumidores, actividades de operar con moedas e billetes, ampliación da información, integración con pictogramas, actividades sinxelas de comprensión do aprendido...



- **2.- Glosario:** Vocabulario traballado na secuencia didáctica cunha breve definición adaptada á idade dos alumnos.

GLOSARIO (ver/ocultar todas as palabras)

A - D

Arbitraxe: Procedemento polo que unha ou varias persoas elixidas polo litixio cando os litigantes queren evitar someterse aos tribunais ordinarios.

Asociación de consumidores: É unha organización sen ánimo de lucro que representa a representación dos consumidores e usuarios, defender os seus dereitos e intereses.

Banner: Faldrón publicitario que se inclúe nunha páxina web a modo de anuncio dinámico (java, flash) e que busca a interacción co usuario, xa que inclúe un botón na páxina do anunciante.

Comercio local: É aquel que está arraigado nunha localidade ou estado, comercializando os seus produtos na zona ou rexión.

- **3.- Proposta de actividades colaborativas ou cooperativas:** non necesariamente dixitais.

Guitarecord
A guitarra que grava o que tocás

1 **Es creativo ou creativa?**
Gústache tocar a guitarra?... Inventas cancións que logo non lembrás?... Que che parecería unha guitarra que lembrase esas composicións?

2 **A solución definitiva!**
Guitarecord é un pequeno aparato que se coloca de xeito totalmente invisible na túa guitarra e se pon en funcionamento cando emites a primeira nota. Se unha vez rematada a sesión desexamos borrar todo simplemente accionamos un botón e a memoria quedará limpa para outra gravación. Se, pola contra, queremos conservar gravación podemos copiala retirando unha tarxeta microSD.


3 **10 días de proba gratis!**
Igual tes dúbidas en probar o produto. Ofrecémosche unha proba gratuita de 10 días sen ningún tipo de compromiso.

4

- 4.- Webquest ou Miniquest sobre a conmemoración.

Introducción Tarefa Proceso Recursos Avaliación

Conclusións



O **comercio local** xoga un papel moi importante nas nosas vidas. Da vida aos habitantes do barrio onde nos atopamos e diferénciase das grandes superficies principalmente polas súas materias primas, pola cercanía e por un trato máis amable e personalizado.

[Simpleicon. Store \(CC BY\)](#) Os grandes problemas aos que se enfrenta son moitos, pero podemos agrupalos en

- 5.- **Ampliación:** propostas de traballo con dispositivos móbiles ou emprego de técnicas de metodoloxías emerxentes.




- **6.- Recopilación e clasificación doutros materiais dixitais con licenza libre para traballar esta conmemoración** dando especial atención aos publicados no repositorio de contidos do espazoAbalar

◀

Webquest: "Dereitos do consumidor"

▶



Nivel educativo: 5º de Primaria

Área: Ciencias Sociais

Autores: María Sánchez Seco e Norberto Blanco Dorrío

Procedencia: Repositorio de contidos do espazoAbalar

Descrición: Neste ODE traballaremos: a celebración do Día Mundial dos dereitos do consumidor; etiquetas dos produtos; reclamacións ante un empresario e consumo responsable.

[Acceso ao recurso](#)

1 2 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12

- **7.- Avaliación da secuencia didáctica:** Inclúe criterios de avaliación, instrumentos e rúbricas creadas ad hoc.


	4 puntos	3 puntos	2 puntos	1 punto
Contido e precisión	Toda a información da infografía é axeitada.	99-90% da información na infografía é axeitada.	89-80% da información na infografía é axeitada.	Menos do 80% da información na infografía é axeitada.
Escritura- Gramática	Non hai erros gramaticais no texto da infografía.	Non hai erros gramaticais no texto da infografía despois da revisión por parte do mestre.	Hai 1-2 erros gramaticais no texto da infografía aínda despois da revisión por parte do mestre.	Hai 3 ou máis erros gramaticais no texto da infografía aínda despois da revisión por parte do mestre.
Coñecemento gañado	Todos os alumnos do grupo poden argumentar as dez decisións tomadas na infografía e o proceso técnico usado para crealo.	Todos os alumnos do grupo poden argumentar a maioría das dez decisións tomadas na infografía e o proceso técnico usado para crealo.	Só algúns alumnos do grupo poden argumentar as dez decisións tomadas na infografía e o proceso técnico usado para crealo.	Varios alumnos do grupo parecen ter pouco coñecemento sobre a información e procesos técnicos usados na infografía.
Gráficos	Os gráficos van ben co texto e hai unha boa combinación de texto e gráficos.	Os gráficos van ben co texto, pero hai moitos que se desvían do mesmo.	Os gráficos van ben co título, pero hai moi poucos e a infografía parece ter un "texto pesado" para ler.	Os gráficos non van co texto, e aparentan ter sido escollidos sen ningún orden.

- **7.- Documentos:** No apartado final integramos na secuencia os seguintes documentos: a guía didáctica, o manual de uso, os documentos técnicos en galego e castelán e un documento onde referenciamos a multimedia empregada.



Como funciona o caderno de traballo

O caderno de traballo (apartado1) é un libro flash no que atoparás unha estrutura que de seguro che resultará coñecida.



1.- Despregar/Ocultar o menú. Podemos incluso movelo se nos molesta para visualizar algunha páxina.

2.- Páxina de inicio: Botón que nos permite voltar á páxina de inicio en calquera momento. É un atallo para non ir páxina a páxina.

3.- Acceder a unha das páxinas do menú. De novo é un atallo para acceder a unha páxina concreta.

4.- Activar focus: Este botón está habilitado pensando en alumnado con discapacidade no tren superior permitindo navegar polos distintos botóns do recurso tan só co botón do Tabulador e a tecla Enter. Podemos desactivar esta funcionalidade simplemente clicando de novo no botón. Tamén podemos acceder a esta funcionalidade dende o menú que se amosa cando

clicamos co botón dereito do rato poñendo o cursor enriba da páxina.

5.- Imprimir: Imprime a páxina actual coa impresora predeterminada no ordenador.

6.- Documento coa multimedia: Clicando neste botón ábrese un arquivo en pdf coa multimedia empregada no libro debidamente referenciada en canto a autoría, repositorio onde se aloxa ou licenza de uso que posúe. Temos que ter instalado no ordenador un visor de pdf (por exemplo o *Acrobat Reader*).

7.- Información da actividade do alumno: Podemos ver o progreso do alumno no libro en canto ás actividades interactivas realizadas. As que non son interactivas non se puntúan.

8.- Activar/Quitar son.

9.- Poñer en modo pantalla completa: Veremos o libro ocupando toda a pantalla e non como unha parte de exelearning. Olo!: As páxinas interactivas onde temos que escribir non permiten facelo en pantalla completa co cal teremos que voltar á visualización normal.


10.- Páxina anterior: Volta á páxina anterior que teñamos visitado. Olo!: Se utilizamos un atallo con un salto de páxina non ter porque ser a numericamente anterior.

11.- Páxina seguinte: Para ir á páxina seguinte (numericamente).

12.- Número da páxina actual.


13.- Botón de verificación: Para comprobar se a actividade interactiva está realizada correctamente.

Todas as secuencias contarán igualmente con **textos con pictogramas** para nenos con trastornos do espectro autista.



No libro de traballo de cada secuencia didáctica configuramos todas as **posibilidades de accesibilidade** que a ferramenta de autor nos permite como son:

- **Texto alternativo en todas as imaxes** e videos para os nenos con discapacidade visual que utilicen lectores de pantallas como JAWS ou NVDA,
- Posibilidade de **activar skins con maior contraste** para os botóns do libro (co menú contextual ao que accedemos co botón dereito do rato.



- Incluimos un **botón para activar o FOCUS** para poder manexar o libro tan só co cursor para alumnado con discapacidade motórica do tren superior,
- Incluiremos **sons** pero só naquelas páxinas nas que sexa pertinente. Igualmente sons de acerto ou erro en todas as páxinas interactivas. Así, o alumnado poderá acceder a cada un dos contidos en diferentes formatos (visual, auditivo...).
- Texto alternativo **avisando** das **páxinas** que se abran en **nova ventá**...

Mellora da convivencia nos nosos centros

Nesta secuencia didáctica traballaremos entre outros os seguintes **valores** que contribuirán sen dúbida a formar uns **consumidores responsables e críticos**:

- Coñecer e defender os dereitos dos consumidores
- Promover un consumo responsable e crítico

Avaliación

Realizaremos o proceso avaliativo en **tres momentos**:

Unha **avaliación inicial** ou **diagnóstica** cando iniciemos a aplicación de cada Secuencia Didáctica onde os docentes e o propio alumnado deberemos determinar o grado de coñecementos sobre o tema cos que contamos previamente, as falsas crenzas, prexuizos, e as posibles eivas técnicas ou conceptuais para a realización da secuencia.

Avaliación continua de *carácter formativo* durante as sesións precisas, na que revisaremos como evoluciona o traballo, se se cumpren os obxectivos ou deben ser revisados ou rectificadados.

Unha **avaliación final** ao remate da secuencia didáctica, a partir da cal extraeremos conclusións prácticas de cara a posteriores temáticas a traballar (se é efectivo este xeito de traballo, que tipo de contidos funcionaron mellor, os agrupamentos, os espazos utilizados, os medios técnicos, como foi a motivación, os resultados acadados axustáronse ou non ás expectativas...).

Atenderemos especialmente os seguintes CRITERIOS na avaliación:

- Grado de coñecemento acadado por parte dos alumnos e alumnas nos temas traballados.
- Grado de implicación dos alumnos e alumnas nas tarefas propostas (tanto individuais como grupais).
- Incidencia do uso das TIC e TAC na práctica docente.
- Atención aos intereses e motivacións dos alumnos.

Instrumentos de avaliación:

No caderno de traballo hai páxinas interactivas que se avalían de xeito automático así como noutros tipos de recursos: Xogos interactivos, brincaletras, Escape Room...

En moitas outras actividades amosamos **rúbricas** para que de xeito individual ou grupal avaliedes o voso progreso. Esta avaliación tamén pode ser realizada polo mestre.

Avaliamos o traballo en grupo

Profesor: _____

Alumno: _____

10

Indicadores de avaliación	Excelente 4 😄	Ben 3 😊	Satisfactorio 2 😐	Insatisfactorio 1 😞	Observacións	Puntos
Traballo cos compañeiros	Escoita, comparte e apoia o traballo de outros. Trata de manter a unión dos membros	Usualmente escoita, comparte e apoia o traballo de outros. Non causa problemas ao grupo	A veces escoita, comparte e apoia o traballo de outros. Pero a veces non é bo membro do grupo	Raramente escoita, comparte e apoia o traballo de outros. Non é bo membro do grupo.		¿?
Actitude cara o traballo	Sempre ten unha actitude positiva cara o traballo	Case sempre ten unha actitude positiva cara o traballo	Algunhas veces ten unha actitude positiva cara o traballo	Ten unha actitude negativa cara o traballo		¿?
Clima de traballo	O clima de traballo foi o axeitado. Existiu bastante intercambio de información no grupo.	A posta en común foi algo i insuficiente pero o cima foi o axeitado.	A posta en común foi significativamente insuficiente	Non houbo intercambio de información e posta en común no grupo		¿?
Elaboración das tarefas	As tarefas realizadas foron interesantes e orixinais	As tarefas axustáronse ao solicitado pero con escaso grado de orixinalidade.	Insuficiente grado de elaboración das tarefas	Nulo ou escaso grado de elaboración das tarefas		¿?

Xosé Antón Vicente Rodríguez (@anegado)